

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
BAIONA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

*BASES REGULADORAS POLAS QUE SE CONVOCA O CERTAME “OS BARDOS” DE
MELLOR CANCIÓN GALEGA 2019*

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de decembro de 2018, aprobáronse as bases reguladoras de concesión dos premios do Certame de Mellor Canción Galega “Os Bardos” para o ano 2019 , polo que ordena a súa publicación no BOP.

**BASES REGULADORAS POLAS QUE SE CONVOCA O CERTAME “OS BARDOS” DE
MELLOR CANCIÓN GALEGA 2019 DO CONCELLO DE BAIONA**

Primeiro. Obxecto.

O obxecto das presentes bases é convocar o certame de mellor Canción Galega “Os Bardos” para o ano 2019, co obxectivo primordial de impulsar e recoñecer a creación, a diversidade e a calidade da música feita por galegos en lingua galega.

Este certame quere facer visible a riqueza que a música galega posúe, e quere facelo dun xeito aberto, universal e inclusivo, sen cotas estilísticas ou doutra índole, ca única condición de que sexa música feita en galego por galegos. Desde xeito, o Concello de Baiona amosa o seu compromiso coa promoción do idioma e da cultura galega.

Segundo. Beneficiarios.

Poderán participar neste Certame os artistas solistas ou grupos que fagan música en lingua galega. No caso de que os integrantes dun grupo non sexan todos galegos, deberan ser galegos máis do 50% dos integrantes do mesmo.

É condición indispensable que canten en galego e/ou que a súa música sexa de raíz galega. O tema ten que ser orixinal e inédito.

Terceira. Limitacións e incompatibilidades.

Non poderán participar neste certame os solistas ou grupos que utilicen nas súas actuacións e/ou espectáculos, playbacks, falsos directos, ou musicas/os de figuración, así como, os que teñan contidos ou actitudes discriminatorias, violentas ou denigrantes.



Mércores, 9 de xaneiro de 2019

Núm. 6

Cuarta. Premios.

De todos os temas presentados, seleccionaranse dez cancións finalistas, das que se elixirá a “Mellor canción galega” nun Festival que terá lugar no Auditorio V Centenario de Baiona nas datas que determine a organización.

Establécense os seguintes premios:

- Premio A mellor canción galega: 600€ e ademais terá a oportunidade de actuar cun concerto na programación cultural do Baiverán baionés, concretando a data co departamento de cultura do Concello de Baiona e cun caché que non poderá superar os 200.-€ como máximo.
- Segundo finalista: 400€
- Terceiro finalista: 250€

As contías dos premios establecidos estarán suxeitos ás retencións correspondentes conforme a lexislación tributaria.

Quinto. Financiamento.

Os premios financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 334-48100 do orzamento Xeral para o exercicio 2019, sendo o crédito total destinado aos premios, a cantidade de 1.250 €.

Segundo establece o Real Decreto 887/2006 no artigo 56.2: ao ser un gasto de tramitación anticipada, a concesión da subvención queda condicionada á existencia de crédito axustado e suficiente no momento da resolución da subvención.

Sexta. Prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes presentaranse nun prazo de quince (15) días naturais contados a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOPP, que será remitido pola Base Datos Nacional de Subvencións, na oficina de Rexistro do Concello de Baiona en horario de 9 a 14 horas, ou por correo postal en sobre cerrado, a atención do departamento de cultura.

A documentación obrigatoria a presentar é a seguinte:

- Solicitude asinada polo titular ou representante legal
- Fotocopia do DNI do solicitante e no seu caso do CIF
- Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias estatais, autonómicas, Seguridade Social, Oral e o concello de Baiona. (anexo I ou anexo II segundo corresponda).
- Certificado de conta bancaria da Asociación ou dun representante no caso de grupos informais.



Mércores, 9 de xaneiro de 2019

Núm. 6

Documentación técnica:

- Unha ficha técnica do proxecto musical por triplicado, na cal se realice unha pequena descrición do tema presentado, detallando o título, a duración e autoría.
- 3 dispositivos CD-ROM coa canción/tema participante en formato mp3, coa indicación do artista ou grupo e o nome do tema para o xurado.
- 1 USB coa canción no mesmo formato (mp3) para o Concello de Baiona.
- 1 fotografía recente do grupo ou solista.
- Unha relación nominal mecanografada das persoas que compoñen o grupo, con indicación da súa procedencia e do instrumento que tocan.
- A letra do tema debidamente mecanografada.

A convocatoria, os anexos e formularios estarán dispoñibles na páxina web do concello www.baiona.org.

Se a solicitude non reunise os datos esixidos ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, requirirase aos interesados para que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emenden as anomalías advertidas o presenten os documentos preceptivos, indicando que, en caso de non facelo, teranse por desistidos e arquivaranse as solicitudes sen máis trámite.

Sétima. Publicidade do concurso.

Os participantes aceptan as presentes bases e autorizan ao Concello de Baiona a facer público en medios, redes sociais e na web institucional os arquivos en audio e vídeo, así como, dar acceso os membros do xurado a toda a información cedida polos participantes para levar a cabo o proceso de valoración.

A presentación da solicitude implicará que se autoriza ao Concello de Baiona para o tratamento automatizado de todos do datos contidos nela.

Oitava. Xurado.

O xurado estará composto por 3 integrantes designados polo Concello de Baiona, relacionados co eido da música e/ou a literatura e por un funcionario do servizo de cultura en calidade de secretario.

A composición do xurado darase a coñecer unha vez rematada a fase de valoracións.

O xurado elixirá a canción/tema gañador en base a criterios de calidade literaria, calidade musical, interpretación e orixinalidade en función do seguinte cadro de puntuacións:

CRITERIOS	PUNTUACIÓN
Calidade artística	1-20
Calidade literaria e ortográfica	1-20
Calidade musical	1-20
Calidade interpretativa	1-20
Orixinalidade	1-20

Se o xurado apreciase que a calidade dos temas presentados non alcanzaran un mínimo, poderase declarar deserto o certame, ou eliminar algún dos premios establecidos.



Mércores, 9 de xaneiro de 2019

Núm. 6

Novena. Dereitos e obrigas do organizador.

O Concello de Baiona, coma organizador do certame Mellor Canción Galega “Os Bardos”, comprométese a velar polo cumprimento das presentes bases e resérvase o dereito de interpretación das mesmas. Será competencia do Concello de Baiona supervisar o proceso necesario para asegurar a transparencia no proceso de votación do xurado.

A proposta do xurado elevarase á Xunta de Goberno Local para a aprobación definitiva dos premios.

O prazo de resolución e notificación será máximo de tres meses, a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión do premio poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

A resolución recaída neste procedemento porá fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á notificación da resolución ante o mesmo órgano que a ditou, ou ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución.

Décima. Dereitos e obrigas dos beneficiarios.

A condición de beneficiarios obriga a este nos termos previstos no artigo 11 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en concreto:

- A figurar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias, estatais e autonómicas, coa Seguridade Social e co concello de Baiona, No caso contrario non se efectuará o pago da axuda.
- Comunicar ao Concello calquera eventualidade na actividade ou programa subvencionado.
- Proporcionar toda a información que lle sexa requirida polo concello de Baiona no exercicio das funcións de fiscalización e control así como polo Tribunal de Contas e o Consello de contas de Galicia.

Undécima. O pago do premio.

O pago do premio realizarase por transferencia bancaria, a conta designada na súa solicitude, unha vez fiscalizada a concesión de premios por Intervención

Duodécima. Devolución e integro.

Procederá o reintegro nos casos previstos na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, e en concreto no seguinte caso:

Obtención do premio sen reunir os requisitos esixidos para a súa concesión, con falsificación das condicións requiridas ou ocultación daquelas que o impedisen.



Mércores, 9 de xaneiro de 2019

Núm. 6

Decimo terceira. Compatibilidade.

Os premios que se outorguen ao amparo das presentes bases serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Décimocuarta. Publicidade.

A publicidade do extracto da presente convocatoria, realizarase a través da Base de Datos nacional de Subvencións (BDNS), en cumprimento do establecido nos artigos 18 e 20 da Lei Xeral de Subvencións na súa redacción dada tralas modificacións introducidas pola Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como pola Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.

Igualmente procederase á publicación na páxina web do Concello.

Así mesmo, remitirase á BDNS, a información relativa a beneficiarios, concesións dos premios, así como do pago e, no seu caso, a devolución, reintegro, sanción, inhabilitación; de forma continuada a medida que se vaian producindo os actos.

Réxime Xurídico:

Estes premios rexeranse polas presentes bases e polo establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, RD 887/2006 Regulamento da Lei Xeral de Subvencións e Ordenanza Xeral Reguladora das Subvencións do concello de Baiona no que lle sexa de aplicación de acordo co establecido na súa disposición adicional décima e supletoriamente pola Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas, así como demais normativa que sexa de aplicación.

Baiona, na data sinalada no marxe deste documento, asinado electrónicamente.

